

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa entidade FAGAL o instrumento convencional arriba referido por un período que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017..
- Que o instrumento convencional ten por obxecto: o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da federación cos seguintes obxectivos:
 - Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.
 - Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.
 - Deseño e desenvolvemento conxunto de programas de formación e coidados de coidadores.
 - Sensibilización social.
 - Información, orientación e asesoramento a familiares e coidadores.
 - Deseño e desenvolvemento conxunto de programas psicoeducativos.
 - Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 1. Que no ámbito da nosa comunidade, o avellentamento da poboación sofre un aumento dos problemas dexenerativos e, entre eles, está a Enfermidade de Alzheimer.

Estas persoas con frecuencia viven coa súa familia, tendo moitas veces que resolver problemas que entrañan unha grande dificultade, xerando situacións inquietantes para os familiares necesitando dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde. Que no ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

2. Que a Federación é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio ós familiares de enfermos do Alzheimer, tendo como un dos seus fins a formación dos coidadores principais e a divulgación e sensibilización da poboación sobre esta enfermidade.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

